

## Regulamento da proba

**Art.1.- O Club Ciclista Beny Gym Sport, xunto co Club Ciclista MTB Eskornabois e a A.D.R Vara e Pedal, coa debida autorización da Federación Galega de Ciclismo e os organismos competentes, organiza a "Segunda BTT Cidade de Narón", que se celebrará o día 8 de maio de 2016.**

**Art.2.- Esta marcha ciclista de montaña está aberta para todos os ciclistas que estean en posesión da licenza federativa do ano 2016, e que teñan 15 anos ou os cumpran durante o ano 2016.** Quen non posúa licenza federativa, poderá obter unha licenza, válida só para a celebración da proba, concedida pola Federación Galega de Ciclismo, debendo pagar un suplemento á cota de inscrición de 8 € (8 euros + 15 euros para non federados).

**Art.3.- A marcha será neutralizada,** e os participantes deberán atender ao ritmo imposto pola organización. A ruta estará sinalizada, debéndose seguir o itinerario e o ritmo marcado pola organización, non podendo ser pasado o grupo de cabeza en ningún momento.

**Art.4.- Haberá puntos de avituallamento e reagrupamento, e deberán ser respectados por todos os participantes.** É de obrigado cumprimento a conservación e o coidado do contorno, e farase uso das bolsas e colectores dispostos para iso.

**Art.5.- Será rigorosamente obrigatorio o uso do casco protector.** O feito de non respectar este artigo suporá a exclusión da marcha.

**Art.6.- A "Segunda BTT Cidade de Narón",** ten un percorrido de 43 quilómetros aproximadamente, e saírase ás 09:00 horas do Centro Comercial Dolce Vita en Narón, sendo o prezo de inscrición de 8 € (15 euros de suplemento para as persoas non federadas). As inscricións realizáanse a través da páxina web de Champion Chip Norte . Non haberá inscricións no mesmo día da proba.

**Art.7.-** Todas as persoas participantes deben aterse aos horarios e lugares de partida reflectidos na información xeral, debendo presentarse trinta minutos antes da hora de saída para recoller o dorsal.

**Art.8.- Só serán consideradas persoas participantes, aquelas que paguen a cota de inscrición e leven o dorsal visible. O dorsal será facilitado pola organización.**

**Art.9.-** Entregaranse recordos a todas as persoas participantes.

**Art.10.- A organización resérvase o dereito de modificar ou cambiar todo o relativo a regulamentos, avituallamentos, itinerarios, etc, se por causas de forza maior fose necesario.**

**Art.11.- A organización resérvase o dereito de participación de ata 250 ciclistas como máximo**, respectándose a orde de inscrición. Consideraranse como inscritas, aquelas persoas que realizaran a inscrición na páxina [www.championchipnorte.com](http://www.championchipnorte.com) con todos os datos cubertos e que pagaran a taxa de inscrición. **O peche de inscrición será o xoves día 05 ás 14:00 horas**, ou cando se chegue á cota de participación.

**Art.12.- A organización dispón de todos os seguros obrigatorios (responsabilidade civil e accidente deportivo)** que corresponden na organización de todo este tipo de eventos deportivos, **sendo a Federación Galega de Ciclismo a posuidora do RC do evento** (á que se deberá solicitar en caso de ser necesario) e **o seguro de accidentes será o propio da Federación Galega de Ciclismo (federados)**, xa que quen non posúa licenza federativa poderá obter unha licenza, válida só para a celebración da proba, concedida pola Federación Galega de Ciclismo, debendo pagar un suplemento á cota de inscrición de 8 € (8 euros de inscrición + 15 euros de suplemento de licenza para non federados) . No caso de ser necesario o corredor deberá poñerse en contacto coa Federación Galega de Ciclismo para solicitar información relacionada coa aseguradora e temas relacionados.

**Art.13.- Todas as persoas participantes da marcha e colaboradoras desta, considéranse en excursión persoal, e deberán cumprir o vixente Regulamento de circulación, sendo cada unha delas responsable das infraccións que poida cometer.**

**Art.14.- A organización contará cun plan de seguridade para todo o evento**, elaborado polo Concello de Narón, polo seu Servizo de Emerxencias , onde se implementarán todas as medidas de seguridade necesarias para a perfecta e segura celebración do evento, incluíndo ambulancia e vehículos de apertura e peche.

**Art.15.-** Para todo o non relatado neste regulamento particular da proba, seguirase o Regulamento de cicloturismo da Federación Española de Ciclismo.

**Art.16.-** O cicloturista inscrito **declara coñecer e asumir os riscos inherentes da participación nunha marcha cicloturista, que sempre discorre con circulación aberta ao tráfico**, ademais de aceptar os riscos que para a saúde puidese supor o esforzo deportivo.

**Art.17.-** Champion Chip Norte e todos os clubs ciclistas que organizan a BTT, están dados de alta na Axencia Española de Protección de Datos, e por medio da Lei organica 15/1999.

**Art.18.-** O simple feito da inscrición nesta "Segunda BTT Cidade de Narón" leva consigo a aceptación do presente regulamento. O feito de non cumprir algún dos artigos mencionados, daría lugar por parte da organización á descualificación.

